

Dous contos de Sherlock Holmes

Arthur Conan Doyle

Tradución de Sara Lago Estévez



Arthur Conan Doyle

Dous contos de Sherlock Holmes

Versión galega de Sara Lago Estévez

A aventura da casa baleira

Na primavera do ano 1894 todo Londres estaba preocupado, e a clase alta consternada, pola morte do honorable Ronald Adair, que morrera baixo unhas circunstancias do máis inusuais e inexplicables. A xente xa escoitara os detalles que saíran á luz froito da investigación policial, pero era moito o que non se contara desta vez, xa que segundo a acusación o caso era tan sumamente forte que non era necesario presentar tódolos feitos. Porén, é agora, despois de case dez anos, cando teño a posibilidade de proporcionar os elementos que faltan para compoñer esa extraordinaria cadea. O crime xa era interesante en si mesmo, pero ese interese non era nada para min comparado co inimaxinable do asunto, que me fixo sentir o maior atordamento e a maior sorpresa que calquera outro acontecemento dentro dunha vida tan chea de aventuras como a miña. Aínda hoxe, despois deste longo intervalo, emociónome pensando niso e volvo sentir ese repentino torrente de gozo, ese asombro e esa incredulidade que inundan por completo a miña mente. Pedireilles a aquelas persoas que amosaron interese polo lles deixei entrever entón sobre o pensamento e as accións dun home tan notable que non me culpen por non compartir os meus coñecementos con eles, xa que considerei que era o meu deber non facelo, porque a prohibición que se me impuxo saíu dos seus propios beizos e non se retirou ata o terceiro día do mes pasado.

Podería imaxinarse que o meu profundo interese polos crimes débese á miña estreita amizade con Sherlock Holmes, e que despois da súa desaparición nunca deixei de ler con detemento os diversos problemas que saían á luz pública. Incluso intentei máis dunha vez, para o meu gozo persoal, poñer en práctica os seus métodos para tentar solucionarlos, pero non tiña éxito ningún. No entanto, non había ningún que me chamara tanto a atención como esta traxedia de Ronald Adair. Ó ler as probas da investigación, que levaban a un veredicto de asasinato deliberado en contra dunha persoa ou varias descoñecidas, quedoume aínda máis claro o que perdera a sociedade coa morte de Sherlock Holmes.

Había puntos deste caso tan estraño que estou certo que lle chamarían a atención a Holmes, e así complementarían os esforzos da policía, ou o que é máis probable, iría por diante, e todo debido á perfecta observación e á mente alerta do mellor detective de Europa. Durante

o día, mentres ía de volta, repasei o caso na miña cabeza e non atopei ningunha explicación que me parecese axeitada. Aínda que corro o risco que contar o conto dúas veces, vou recapitular os feitos tal e como se lle contou á xente na conclusión da investigación.

O honorable Ronald Adair era o segundo fillo de Earl de Maynooth, que por aquel tempo era o gobernador dunha das colonias australianas. A nai de Adair volvera de Australia para someterse a unha operación de cataratas e estaba vivindo xunto co seu fillo Ronald e a súa filla Hilda no 427 de Park Lane, Londres. Os tempos de mocidade pasounos entre o mellor da sociedade e, ata onde se sabía, non tiña nin inimigos nin vicios en particular. Comprometérase coa señorita Edith Woodley, de Castairs, pero o compromiso rompeuse por mutuo consentimento uns meses antes da voda e non había mostras de que houbera moito sufrimento detrás. En canto ó resto, a vida o home moveuse nun círculo pechado e convencional, levaba unha vida tranquila e era unha persoa pouco emotiva. Porén, a morte chamou á porta deste afable e novo aristócrata, dun xeito do máis estraño e inesperado, entre as dez e as once e vinte da noite do 30 de marzo de 1894.

A Ronald Adair encantábanlle as cartas, xogaba moito, pero nunca era tanto o que apostaba como para que iso lle fixese dano. Era membro do Baldwin, do Carvendish e do Bagatelle, todos clubs de cartas. Díxose que despois da cea do mesmo día en que morreu, disputou unha partida decisiva de naipes no último club, no que xa estivera a xogar pola tarde. Os homes que xogaran con el —o señor Murray, o señor John Hardy e o coronel Moran— declararon que botaran unha partida de naipes e que a derrota foi case igual para todos; Adair debeu perder unhas cinco libras pero non máis. Posuía unha fortuna considerable e unha perda coma esa non lle puido afectar en absoluto. Xogaba case tódolos días nun club ou noutro, pero era un xogador cauteloso, e resultaba gañador a maioría das veces. Nas declaracións dicíase que unhas semanas antes, sendo compañeiro de xogo co coronel Moran nunha sesión, gañáralles como unhas catrocentas vinte libras a Godfrey Milner e ó señor Balmoral. Esta cifra era bastante máis do que gañaba habitualmente segundo se dixo na investigación.

A noite do crime chegou do club exactamente ás 10. A súa nai e maila irmá saíran a pasala velada cun parente. A serventa testificou que o escoitou entrar no cuarto da parte dianteira do segundo piso, que normalmente usaba como a súa sala de estar. Ela acendera alí un cigarro e, despois de fumar, abrira a fiestra. Non se escoitou ningún ruído ata as once e vinte, hora na que volveron a señora Maynooth e a súa filla. A señora quíxolle dar as boas noites ó fillo e tentou entrar no cuarto, pero a porta estaba fechada dende dentro e non se escoitaba resposta ningunha a pesares dos berros e de chamar á porta. Con axuda conseguiron forzar a porta e atoparon o pobre do mozo xacendo preto da mesa. A súa cabeza fora terriblemente mutilada por unha bala expansiva, pero non había rastro de ningún tipo de arma no cuarto. Na mesa había dous cheques de dez libras cada un e dezasete coma dez libras en ouro e prata, diñeiro que estaba disposto en pequenas pilas de diferente contía. Tamén había varias cifras apuntadas nunha folla de papel cos nomes dalgúns dos seus amigos contrincantes do club, do que se deduce que antes de morrer estaba afanado en ver as súas ganancias e perdas resultantes do xogo.

Un minuto analizando as circunstancias só fixo que o caso pareceuse aínda máis complexo. En primeiro lugar, non tiña sentido que o rapaz fechase el a porta dende o interior. Cabía a posibilidade de que o fixera o asasino e logo escapase pola fiestra. No entanto, a caída sería duns seis metros polo menos e había unha cama de bulbos de azafrán en plena floración

agardando debaixo. Non había estragos ningúns nas flores nin na terra, nin tampouco na estreita franxa de herba que separaba a casa da estrada. Polo tanto, aparentemente foi o propio mozo quen fechou a porta, pero como é que acabou morto? Ninguén puido escalar ata a fiestra sen deixar rastro ningún. Supoñamos que un home dispara a través da fiestra, tería que ser un disparo moi bo como para facer unha ferida de morte cun revólver. Ademais, a rúa Park Lane está moi frecuentada, hai unha parada de taxis a cen metros da casa e ninguén escoitara disparo ningún. E así e todo alí estaba o home, morto, cunha bala de revólver que saíra cara fóra, propio das balas de expansión, e fixera unha ferida que debeu causar unha morte instantánea. Estas eran as circunstancias do misterio de Park Lane, que eran aínda máis complicadas pola falta de motivos xa que, como dixeran, Adair non era coñecido precisamente por ter inimigos e non houbo intento ningún de levar o diñeiro ou os obxectos de valor do cuarto.

Deille voltas na cabeza todo o día a estes feitos, tratando de que se me ocorrera algunha teoría que lle dera sentido a todo e atopar esa liña de menor resistencia que o meu coitado amigo declarara como punto de partida de toda investigación. A verdade é que pouco avancei. Á noite, dei unha volta por Park Lane e a iso das seis estaba en Oxford Street, ó final de Park Lane. Un grupo de vagabundos estaba na beirarrúa mirando para unha fiestra en concreto, o que me dirixiu a min cara a casa que viñera a ver. Un home alto, delgado e con gafas de cor, que semellaba un detective de paisano, estaba a formular algunha teoría e o resto achegouse para escoitar o que dicía. Eu achegueime todo canto puiden, pero as súas observacións parecían ser absurdas, así que me retirei un pouco indignado. Mentres o facía choqueei contra un ancián, un tanto deformado, que estivera ó meu carón e tirei con algúns libros que levaba con el. Recordo que mentres recollía os libros me fixei no máis pequeno de todos, *A orixe da adoración das árbores*, e pareceume que o señor había ser un pobre bibliófilo que, ben por ser vendedor ou ben como pasatempo, coleccionaba volumes un tanto tétricos. Tratei de desculparme polo incidente, pero era evidente que eses libros que por desgraza acababa de maltratar eran moi importantes a ollos do seu dono, polo que o home, rosmando, deu a volta e vin como aquel home de costas encorvadas e bigotes brancos desaparecía no medio da multitude.

As miñas pescudas no N.º 427 de Park Lane pouco fixeron para resolver o problema no que eu estaba interesado. A casa estaba separada da rúa por un muro e unha varanda que en total non medían máis de metro e medio de alto. Polo tanto, non era moi difícil que alguén entrara no xardín, pero a fiestra era totalmente inaccesible, xa que non había ningún encanamento nin nada que axudase o home máis atlético a escalar por el. Así, máis confuso ca nunca, retomei os meus pasos cara Kensington. Non levaba nin cinco minutos na miña oficina cando a criada entrou para dicir que alguén quería verme e, para a miña sorpresa, non era outra persoa que o estraño coleccionista de libros vellos, con aquel rostro enxoito e afiado que asomaba tras unha mata de cabelo branco. Levaba agarrados os seus valiosos volumes, uns doce polo menos, debaixo do brazo dereito.

—Sorpréndelle a miña visita, señor —dixo cunha voz estraña e ronca.

A verdade é que me sorprendera.

—Ben, é que teño conciencia, señor, e cando o vin por casualidade entrar nesta casa, porque vin ranqueando detrás súa, pois pensei: “vou entrar a ver a ese cabaleiro tan amable para dicirlle que fun un pouco descoidado nas miñas formas, aínda que sen mala intención, e que lle estou moi agradecido por me recoller os libros”

—Non esaxere que non foi para tanto —dixen—. Pódolle preguntar como soubo quen era?

—Ben señor, se mo permite, son veciño seu, atopará a miña pequena librería na esquina de Church Street, seguro que será un pracer recibilo. Se cadra vostede xa colecciona. Velaquí *Paxaros Británicos*, *Catulo* e *A guerra santa*, unha ganga todos. Con cinco volumes xa podería encher o oco que ten no segundo estante aquel, que parece un pouco desordenado, non cre, señor?

Movín a cabeza para ver o armario que tiña detrás de min. Cando me virei de novo alí estaba Sherlock Holmes sorrindo dende outro lado da mesa do meu despacho. Púxenme de pé, mirei para el uns segundos con asombro e despois creo que me desmaiei por primeira e última vez na miña vida; unha néboa gris cubriu os meus ollos e cando desapareceu tiña o pescozo desfeito e o sabor amargo do brandy nos meus beizos. Holmes estaba de xeonllos na miña cadeira co frasco na man.

—Meu querido Watson —dixo unha voz que eu ben recordaba—, débolle unha morea de desculpas. Non tiña nin idea de que ía estar tan mal.

Agarreino polos brazos.

—Holmes! —berrei— É vostede de verdade? É mais, está vivo? É posible que sobrevivise saltando por aquel terrible abismo?

—Para o carro —dixo—. Cre vostede que está en condicións para falar disto? Deille un bo susto coa miña dramática, pero innecesaria, reaparición.

—Estou ben, pero, Holmes, é que non o podo crer. Santo ceo! Pensar que vostede, precisamente vostede, ía estar aquí no meu despacho —apertei de novo a súa manga e sentín por debaixo o seu brazo delgado e forte—. Ben, está claro que un espírito non é —dixen—. Meu querido amigo, estou tan contento de velo. Sente e dígame como conseguiu saír vivo dese terrible abismo.

Sentouse fronte a min e prendeu un cigarro como adoitaba facer, pausado. Levaba posta a gastada levita do vendedor de libros, pero o restante do individuo estaba agora nunha pila de libros vellos e cabelo branco enriba da mesa. Holmes semellaba aínda máis delgado e sagaz ca nunca, pero a súa face aquilina tiña un ton branco medio moribundo que me dicía que o seu modo de vida recente non fora precisamente saudable.

—Que gusto da estirarse, Watson —dixo—, non é ningunha broma para un home alto ter que ser un pouco máis baixo durante varias horas. Agora, meu querido compañeiro, falando de explicacións, temos, se me brinda a súa colaboración, unha noite de perigoso e duro traballo por diante. Se cadra é mellor que o informe de toda a situación cando o traballo estea rematado.

—Teño moitísima curiosidade. Creo que prefiro sabelo agora.

—Virá comigo esta noite?

—Cando queira e onde queira.

—Tal e coma os vellos tempos. Deberíamos cear algo antes de marcharmos. En canto ó abismo, non me foi difícil saír del, pola simple razón de que eu nunca estiven alí.

—Nunca estivo alí?

—Non, Watson, nunca estiven alí. A nota que lle escribín foi totalmente xenuína. Por un intre, pensei que chegara ó final da miña carreira, xa que percibín a sinistra figura do falecido profesor Moriarty de pé no estreito camiño que levaba ata un lugar seguro. Lin un propósito inexorable nos seus ollos grises. Intercambiamos unha palabras e así foi como

obtiveron o seu permiso de cortesía para escribir a nota que recibiu vostede despois e que deixei xunto coa miña caixa de cigarros e o meu bastón. Logo, botei a andar pola senda con Moriarty pisándome os talóns. Cando cheguei ó final estaba baixo o seu control. Non sacou arma ningunha, pero botouse a min e rodeoume cos brazos. Sabía que o seu xogo rematara e só estaba ansioso por se vingar de min. Cambaleamos xuntos na beira do precipicio, pero eu tiña coñecementos de bartitsu, un método xaponés de defensa persoal, que me resultou útil en máis dunha ocasión. Conseguín zafarme dos seus brazos e el, berrando coma un tolo, deu patadas e golpes ó aire coas dúas mans durante uns segundos, pero por moito esforzo que fixo non logrou manter o equilibrio e alá foi. Acomei o rostro á beira e mireino caer durante un bo anaco. Logo, deu contra unha rocha, saltou e caeu na auga.

Escoitei abraiado a explicación que Holmes me daba entre calada e calada.

—E que me di do rastro! —berrei—. Vin cos meu propios ollos como dous foron polo camiño e non volveron.

—A cousa foi así. No momento en que o profesor desapareceu, decateime da grande oportunidade que o destino puxera no meu camiño. Sabía que Moriarty non era o único que xurara que me ía matar, había polo menos tres persoas máis cuxo desexo de vingarse de min se incrementaría trala morte do seu líder. Todos eles eran homes do máis perigoso, así que se non era un era o outro, pero colleríanme seguro. Por outro lado, se todo o mundo estaba convencido de que eu estaba morto estes homes tomarían as súas liberdades e non tardarían moito en estar ó descuberto, polo que sería cuestión de tempo que eu os puidese destruír. Despois anunciaría que aínda andaba polo mundo dos vivos. O cerebro traballa tan rápido que creo que pensei todo isto antes de que o profesor Moriarty chegara ó fondo da ferverza de Reichenbach.

—Levanteime e examinei a parede rochosa que tiña detrás de min. No seu pintoresco informe sobre o acontecido, que lin con sumo interese uns meses despois, afirma que a parede era escarpada. Iso non é de todo certo, xa que había algúns puntos de apoio, e tamén había sinais dalgúns saíntes. O acantilado era tan alto que escalalo sería imposible, e tamén era imposible camiñar polo húmido sendeiro sen deixar rastro. É certo que podería darlle a volta ás botas, como xa fixen en ocasións semellantes, pero a idea de deixar un conxunto de tres pistas na mesma dirección levaría a pensar que era un engano. Ó final, era mellor arriscarse e escalar. Non é algo agradable, Watson, a ferverza ruxía ós meus pés e, non é que eu sexa unha persoa fantasiosa, pero xúrolle que me parecía escoitar a voz de Moriarty gritándome dende o abismo. Un erro sería terrible. Quedei máis dunha vez con feixes de herba nas mans, esvarei nas fendas húmidas das rochas e sempre pensei que ía caer, pero apañeime para subir e finalmente cheguei ata un saínte que tiña varios metros de longo e que estaba cuberto dun musgo suave. Alí podería quedar sen ser visto e estar cómodo. Porén, alí estaba eu estarricado cando vostede, meu prezado Watson, e os seus seguidores estaban investigando da forma máis benévola pero ineficiente as circunstancias da miña morte.

—Ó final, cando xa chegaran ás súas inevitables e erróneas conclusións, marcharon para o hotel e eu quedei só. Imaxinara que chegara o fin das miñas aventuras, pero ocorreu algo inesperado que me amosou que o futuro aínda tiña sorpresas gardadas para min. Unha rocha caera dende arriba, retumbou preto de onde eu estaba, chocou contra o camiño e seguiu cara o abismo. Por un intre pensei que fora un accidente, pero logo, ó ver cara arriba, albisquei a cabeza dun home contra o ceo escuro e outra pedra chocou contra o saínte no que eu estaba estirado, a uns trinta centímetros da miña cabeza. Estaba claro que Moriarty non

viñera só; un aliado, que só con velo xa puideren comprobar o perigoso que era, estivera vixiando mentres Moriarty me atacaba. Polo tanto, o home presenciara dende lonxe, sen que eu o vira, a morte do seu compañeiro e maila miña fuxida. Estivera esperando e logo foi cara a cima do precipicio para intentar facer o que o seu amigo non fora capaz.

—Non me parei moito a pensalo Watson. Volvín ver ese rostro sombrío a ollar dende o acantilado e souben que ía a haber outra pedra, entón, descendín cara o camiño. Non creo que o puidese facer a sangue frío, xa que era moitísimo máis difícil que escalalo. Non obstante, non tiven tempo de pensar no perigo, escoitei outra pedra pasar ó meu carón cando tiña as mans agarradas ó borde do saínte. Na metade do camiño esvarei, pero grazas a Deus, rabuñado e ensanguentado, pousei os pés no camiño. Botei a correr, fixen uns dezaseis quilómetros a través das montañas na escuridade e unha semana despois estaba en Florencia, coa seguridade de que ninguén sabía nada de min.

—Tiven un só confidente, o meu irmán Mycroft. Débolle unha morea de desculpas, meu prezado Watson, pero era moi importante que se pensase que estaba morto, e é certo que non escribiría vostede un informe tan convincente sobre o meu final fatal se non pensase que era verdade. Foron varias as veces nestes últimos tres anos nas que collín o bolígrafo para lle escribir, pero sempre tiven medo de que o seu afecto por min o levara a cometer algunha indiscreción que rebelase o meu segredo. Esa foi a razón pola que me afastei de vostede esta tarde cando tirou os meus libros, porque corría perigo naquel momento e calquera mostra de sorpresa ou emoción pola súa parte podería chamar a atención sobre a miña identidade e provocar un resultado deplorable e irreparable. En canto a Mycroft, tiña que confiar nel porque o precisaba para obter os cartos que precisaba. As cousas en Londres non foron tan ben como esperaba, xa que no xuízo da banda de Moriarty deixaron en liberdade dous dos membros máis perigosos, os máis vingativos. Polo tanto, viaxei durante dous anos polo Tíbet e me divertín moito visitando Lhasa e pasando algúns días co mestre lama. Seguro que leu sobre as famosas exploracións do noruegués Sigerson, pero estou seguro de que nunca se lle ocorreu que estaba a recibir noticias do seu amigo. Logo fun a Persia, vin a Meca, e fíxenlle unha visita curta pero interesante ó Califa en Khartoum, cuxos resultados lle comuniquéi ó Ministerio de asuntos exteriores. Logo volvín a Francia, onde pasei uns meses investigado os derivados do alcatrán nun laboratorio de Montpellier, ó sur de Francia. Despois de rematala con satisfacción e tras saber que só quedaba un dos meus inimigos en Londres, estaba a piques de volver cando a noticia sobre o famosísimo misterio de Park Lane fixo que me dese présa, xa que non só me atraeu polo asunto en si, senón porque tamén parecía ofrecerme unha das oportunidades persoais máis peculiares. Entón vin para Londres inmediatamente e, unha vez en Baker Street, primeiro a señora Hudson púxose como unha fera e logo comprobei que Mycroft preservara as habitacións e os meus documentos tal e como estiveran sempre. E así foi, querido Watson, como ás dúas en punto de hoxe estaba na vella butaca do meu cuarto, e só desexaba poder ver o meu amigo Watson na outra butaca que el tantas veces adornou.

Fora tan impresionante a historia que escoitei aquela tarde de abril, unha historia que me resultaría absolutamente incrible de non ser confirmada polo aspecto desa figura alta que pensei que nunca volvería ver. De algún xeito soubera do meu triste loito e a súa compaixón víase no xeito de falar e non nas propias palabras.

—O traballo é o mellor antídoto para tristeza, meu amigo —dixo—, e teño traballo para ambos esta noite. Se conseguimos chegar a unha boa conclusión, xustificará a vida dun home neste planeta.

Rogueille sen éxito que me contase máis.

—Oirá e verá suficiente antes do amencer —respondeu—. Temos tres anos do pasado sobre os que falar. Déixeo estar ata as nove e media, momento no que empezaremos a destacable aventura da casa baleira.

Foi tal cal coma nos vellos tempos, a esa hora estaba eu sentado ó seu carón nun cabriolé, co revólver no peto e co meu corazón cheo de emoción pola aventura. Holmes estaba distante, ríxido e calado. Cando a luz das lámpadas da rúa iluminaban os seus trazos severos, vin que tiña as cellas caídas, como se estivese pensativo, e que os seus finos beizos estaban apertados. Non sabía que clase de bésta estabamos a piques de cazar na xungla criminal de Londres, pero do que si estou certo, polo comportamento deste cazador experto, era de que a aventura ía ser das máis perigosas. Ás veces un sorriso sarcástico rompía ese pesimismo ascético que dende logo non auguraba algo bo para o que andabamos a procurar.

Eu imaxinaba que nos dirixiamos a Baker Street, pero Holmes parou a carruaxe na esquina de Cavendish Square. Observei que, cando baixou, ollou para a dereita e para a esquerda na procura de algo e logo, en cada esquina, ía coa máxima precaución para asegurarse de que ninguén o seguía. O noso camiño foi, sen dúbida, bastante singular; o coñecemento que tiña Holmes sobre camiños pouco transitados de Londres era extraordinario e, nesta, ocasión avanzaba a paso rápido e firme a través dunha serie de caellas e de cortes que na miña vida mirara. Ó final fomos dar a unha pequena rúa onde había unha fileira de casas vellas e sombrías que nos conduciu ata Manchester Street, e de alí a Blandford Street. Unha vez alí meteuse rapidamente por un corredor estreito, entrou por unha porta de madeira que daba a un xardín abandonado e logo, abriu cunha chave a porta traseira dunha casa. Entramos xuntos e pechou tras de nós.

Aínda que o lugar estaba na escuridade total, era evidente que se trataba dunha casa baleira. As táboas do espido sollado renxían co noso andar e, coa man estendida, toquei unha parede da que penduraban bandas de papel. Holmes agarroume polo pulso cos seus dedos fríos e delgados e levoume por un longo corredor ata que conseguín enxergar un escuro montante enriba dunha porta. Aquí, Holmes virou de pronto cara á dereita e fomos parar a un cuarto grande, cadrado e baleiro. As esquinas estaba na escuridade, pero o centro estaba escasamente iluminado grazas ás luces procedentes dunha rúa que había máis alá. Non había ningunha lámpada preto, e a fiestra estaba chea de po, co que só lograbamos distinguir a silueta do outro. O meu compañeiro pousou a man sobre o meu ombro e achegou os beizos á miña orella.

—Sabe onde estamos? —bisbou.

—Segurísimo que é Baker Street —respondín mirando a través da escura xanela.

—Exacto. Estamos en Candem House, que está en fronte da nosa antiga morada.

—E por que estamos aquí?

—Porque dende aquí temos unha vista excelente dese pintoresco edificio. Impórtalle que o moleste para poñerme máis preto da fiestra, pero teña coidado non se vaia descubrir, e logo mire as nosas dependencias, o punto de partida dos nosos pequenos contos de fadas. A ver se os meus tres anos de ausencia me quitaron o poder de sorprendelo.

Achegueime e mirei para a xa coñecida fiestra. Cando pousei os ollos nela tomei unha bocalada de aire e berrei de asombro. A persiana estaba baixada, e unha forte luz brillaba dentro do cuarto. Víase a sombra dun home sentado nunha cadeira, en posición firme e o seu contorno de cor negra debuxábase na pantalla iluminada da fiestra. Todo era perfecto; a posición da cabeza, os ombros cadrados, a nitidez dos trazos, a cabeza estaba medio virada e o efecto que producía era o típico das siluetas negras que ós nosos avós lles encanta enmarcar. Era unha reprodución perfecta de Holmes. Tan abraiado estaba que tenteei coa man para asegurarme de que o home de verdade estaba o meu lado. E alí estaba, tremendo mentres ría en silencio.

—E ben?

—Santo ceo! —berrei— É increíble!

—Creo que a miña infinita variedade nin se viu afectada pola idade nin houbo ningún hábito que a estragase —dixo e recoñecín na súa voz a alegría e o orgullo que un artista sente pola súa creación.

—En verdade parécese moito a min, non?

—Eu mesmo xuraría que era vostede.

—O mérito é de Monsieur Oscar Meunier, de Grenoble, quen estivo uns días facendo o moldeado. É un busto de cera. O resto xa o fixen eu esta tarde durante a miña visita por Baker Street.

—Pero por que?

—Porque, meu querido Watson, tiña a mellor das razóns para desexar que algunhas persoas pensen que eu estaba alí cando en realidade estaba noutro lado.

—E pensou que estaban vixiando as dependencias?

—SABÍA que os estaban vixiando.

—Quen?

—Os meus vellos inimigos, Watson. A encantadora organización cuxo líder xace na ferverza de Reichenbach. Recorde que eles sabían, pero só sabían, que eu aínda estaba vivo. Antes ou despois pensarían que eu volvera para o meu fogar. Estivérono vixiando constantemente, e esta mañá víronme chegar.

—Como o sabe?

—Porque recoñecín a súa sentinela cando mirei pola fiestra. É unha persoa moi inofensiva, chámase Parker, un estrangulador e un destacable artista tocando a arpa de boca. El non me preocupa; quen me preocupa, e moito, é a formidable persoa que estaba detrás de el: o íntimo amigo de Moriarty, o home que tirou as pedras polo acantilado e o criminal máis astuto e perigoso de Londres. Ese é o home que anda tras de min esta noite, Watson, e o mesmo que non ten nin idea de que imos a por el.

Os plans do meu amigo íanse aclarando pouco a pouco. Con esta oportuna retirada, os vixiantes eran agora os vixiados e os rastrexadores os rastrexados. Esa sombra angular de alá era o cebo, e nós eramos os cazadores. Estivemos os dous xuntos en silencio na escuridade observando as figuras que pasaban e volvían pasar apresuradas en fronte de nós. Holmes estaba calado e inmóbil, pero eu diría que estaba ben alerta e que os seus ollos se fixaban con atención no fluxo de transeúntes. Era unha noite escura e tempestuosa e o vento asubiaba con forza pola longa rúa. Moitas persoas ían de aquí para alá, a maioría ben tapados cos seus abrigos e panos. Algunha vez que outra tiveren a sensación de ter visto a mesma figura con anterioridade e, en especial, fixeime en dous homes que semellaban estar refuxiándose do

vento na porta dunha casa situada a certa distancia da rúa. Intentei que o meu compañeiro dirixise a atención cara eles, pero fixo un pequeno xesto de impaciencia e continuou a ollar para a rúa. Máis dunha vez mexeu cos pés e bateu cos dedos na parede. Era evidente que comezaba a impacientarse e que os seus plans non estaban saíndo tan ben como el esperaba.

Ó final, xa preto de media noite e a rúa cada vez máis baleira, camiñaba de arriba para abaixo polo cuarto cunha axitación incontrolable. Estaba a piques de dicirlle algo cando dirixín a vista cara a fiestra iluminada e levei de novo unha sorpresa tan grande como a anterior. Agarrei o brazo de Holmes e apuntei cara arriba.

—A sombra moveuse! —gritei.

Xa non era o perfil senón as costas o que se vía dende a nosa posición.

Certamente, tres anos non suavizaran nin as asperezas do seu temperamento nin a súa impaciencia cunha intelixencia menos activa cá súa.

—Pois claro que se moveu! —dixo— Acaso son eu un farsante tan chapuceiro, Watson, que faría un manequín tan obvio e esperaría a que uno dos homes máis espelidos de Europa caese na trampa? Levamos nesta sala dúas horas, polo que a señora Hudson xa cambiou a figura oito veces, ou unha vez cada cuarto de hora. Faino pola parte de adiante así que a súa sombra nunca se vai ver. Ah!— Tomou aire con forza, aspirando nervioso. Na penumbra vin a súa cabeza botada cara adiante, estaba ríxido e prestando moita atención. Fóra, a rúa estaba deserta. Poida que aqueles dous homes estivesen aínda agochados na porta, pero eu xa non os vía. Todo estaba tranquilo e escuro, salvo a brillante pantalla amarela en fronte de nós coa silueta negra debuxada no centro. Unha vez máis, nese silencio absoluto, escoitei aquela nota fina e sibilante que transmitía unha emoción intensa e reprimida. Un momento despois, tirou de min ata o recuncho máis escuro do cuarto. Sentín a súa man de advertencia sobre os meus beizos. Agarrábame cos dedos tremendo. Nunca vira o meu amigo tan exaltado e, ante nós, a rúa escura seguía solitaria e sen movemento.

Porén, de súpeto decateme do que os seus agudos sentidos xa se decataran. Un son baixo e silandero chegou ós meus oídos, e non viña de Baker Street, senón da parte traseira da propia casa na que estabamos agochados. A porta abriuse e pechouse. Un instante despois, escoitáronse uns pasos polo corredor; pasos que pretendían ser silenciosos pero retumbaban con forza na casa baleira. Holmes agachouse contra a parede e eu fixen o mesmo, pechando coa man a alza do meu revólver. Observando a través da escuridade, vin apenas a figura dun home, unha sombra aínda máis escura que a escuridade que se vía pola porta aberta. Parou un intre e logo seguiu polo cuarto adiante, agochándose, ameazante. A sinistra figura estaba a metro e medio de nós e eu xa me preparara para o seu ataque antes de decatarme de que non tiña nin idea da nosa presenza. Pasou preto de nós, foi cara a fiestra e, con suavidade, sen facer ruído, abriuna uns quince centímetros. Unha vez se puxo á altura da apertura da fiestra, a luz da rúa, que antes era tenue por mor do vidro empoeirado, iluminou de cheo o seu rostro. O home parecía estar fóra de si co entusiasmo; os ollos brillábanlle como estrelas, e as faccións movíanse de xeito convulsivo. Era un home maior co nariz fino e puntiagudo, unha fronte grande e calva e un enorme bigote gris. Levaba un sombreiro de copa alta que se movera cara a parte de atrás da cabeza, un traxe de noite e unha camisa que brillaba a través do seu abrigo aberto. O seu rostro era delgado e moreno, marcado con profundos trazos salvaxes. Na man levaba o que parecía ser un bastón, pero cando o puxo no chan fixo un ruído metálico. Logo, sacou un obxecto voluminoso do peto do seu abrigo e afanouse nalgunha clase de tarefa que rematou cun estalo alto e agudo, como se caera un resorte ou un parafuso no seu lugar. Aínda

axeonllado no chan, inclinouse cara adiante e apoiou todo o seu peso e forza nalgunha panca, que produciu un longo son, xirando e chiando e que acabou de novo nun potente estalo. Despois estirouse e viu que o que tiña na man era unha clase de arma cunha punta curiosamente deforme. Abriu a culata, puxo algo dentro e pechouna. Logo, agachándose, puxo o extremo do canón enriba do parapeto da fiestra aberta e viu o seu longo bigote inclinado sobre a culata e o ollo que brillaba ó ver pola mira. Oín un pequeno suspiro de satisfacción cando arrimou a culata ó ombro e viu o obxectivo perfecto: o home de negro do fondo amarelo, situado exactamente ó final do seu obxectivo. Durante un instante permaneceu ríxido e quieto; logo, apertou o gatillo. Produciuse un estraño e forte zunido e un longo tintinar de cristais rotos. Naquel intre Holmes saltou coma un tigre sobre as costas do tirador e esmagoulle a cara. Levantouse de novo rapidamente e, cunha forza convulsiva, agarrou a Holmes polo pescozo, pero eu batinlle na cabeza coa culata do meu revólver e caeu de novo ó chan. Tireime enriba de el e, mentres o suxeitaba, o meu compañeiro asubiu en sinal de chamada. Escoitáronse pés correndo pola beirarrúa e dous policías uniformados e un detective de paisano entraron á présa pola porta principal e chegaron ó cuarto.

—É vostede, Lestrade?— dixo Holmes.

—Si, señor Holmes. Asumín o cargo. Alégrome de velo de volta por Londres, señor.

—Eu creo que quere un pouco de axuda extra oficial. Tres asasinatos non detectados nun ano non é algo bo, Lestrade. Con todo, tratou o misterio de Molesley con menos do habitual, o que significa que o manexou moi ben.

Estabamos todos de pé, o noso prisioneiro respiraba con dificultade e tiña un policía robusto de cada lado. Xa había algúns curiosos a amontoarse na rúa. Holmes achegouse á fiestra, pechouna e correu as cortinas. Lestrade acendera dúas velas e os policías sacaron as súas lanternas. Finalmente puideron ver ben o noso prisioneiro.

A cara que tiñamos ante nós era moi viril e sinistra. Cara arriba tiña unha fronte de filósofo e cara abaixo unha mandíbula sensual, así que para ben ou para mal o home debeu comezar a súa vida con grandes habilidades. Porén, era difícil mirarlle para eses ollos crueis de cor azul, coas pestanas inclinadas, desconfiado; ou para o seu nariz, fero e agresivo, e a fronte ameazante, con profundas engurras, sen necesidade de ler os sinais de perigo máis claros da natureza. Non nos prestaba atención a ningún, pero tiña os ollos cravados na cara de Holmes, cunha expresión na que o odio e o asombro estaban mesturados en partes iguais.

—Demo! —seguiu murmurando— Vostede é intelixente, é un demo intelixente!

—Ai, coronel! —dixo Holmes axeitando o colo engurrado— «A viaxe remata cando un atopa o amor», como di a vella obra. Creo que non tiveron o pracer de velo dende que me dedicou tantas atencións mentres estaba naquel saínte enriba da ferverza de Reichenbach.

O coronel aínda miraba para o meu amigo como se estivera en transo.

—Mira que é astuto, astuto coma o demo! —foi todo o que conseguiu dicir.

—Aínda non vos presenteis —dixo Holmes—. Este, señores, é o coronel Sebastian Moran, que no seu día pertenceu ó exército indio da súa Maxestade, e é o mellor tirador que o noso Imperio de Oriente produciu xamais. Creo que estou no certo, coronel, cando digo que o seu saco de tigres aínda non ten rival, non?

O vello e fero home non dixo nada, pero seguiu mirando para o meu compañeiro. Con eses ollos salvaxes e o seu bigote encrespado, el mesmo semellaba un tigre.

—Gustaríame saber como unha estratexia tan sinxela puido enganar a un vello *shikari*, un cazador —dixo Holmes—. Debe resultarlle moi familiar. Non amarrou a un neno baixo unha

árbore e agardou tendido enriba co seu rifle a que o tigre chegara atraído pola presa? Esta casa baleira é a miña árbore, e vostede é o meu tigre. Posiblemente tivera vostede máis armas gardadas por se aparecían máis tigres, o pola improbable hipótese de que fallase o seu obxectivo. Estas —dixo apuntando ó seu redor— son as miñas outras armas. O paralelismo é perfecto.

O coronel Moran saltou cara adiante cun gruñido de rabia, pero os policías arrastrárono de volta. Era horrible mirar a furia que había no seu rostro.

—Confeso que tiña unha pequena sorpresa para min —dixo Holmes—. Non pensei que fose a empregar esta casa baleira e esta fiestra dianteira tan práctica. O que eu imaxinara é que ía actuar dende a rúa, onde o meu amigo Lestrade e os seus alegres homes estarían agardando por vostede. Quitando esa excepción, o resto saíu como esperaba.

O coronel Moran volveuse cara o detective oficial.

—Pode que teña ou non unha causa xusta para arrestarme —dixo—, pero non pode haber razón ningunha para que eu teña que ser obxecto das burlas deste individuo. Se estou en mans da lei, que se fagan as cousas de forma legal.

—Ben, paréceme xusto —dixo Lestrade—. Ten algo máis que dicir antes de que nos vaiamos, señor Holmes?

Holmes collera a potente pistola de aire comprimido do chan e estaba a examinar o seu mecanismo.

—Unha arma admirable e única —dixo—. Non fai ruído e ten unha potencia enorme. Coñecín a Von Herder, o mecánico cego alemán que a construíu por encargo do finado profesor Moriarty. Souben da súa existencia durante anos, pero nunca antes tivera a oportunidade de tela entre as miñas mans. Recomendolle que lle preste especial atención, Lestrade, e tamén ás balas correspondentes.

—Descoida, señor Holmes —dixo Lestrade mentres todo o equipo ía cara á porta.

—Algo máis que dicir?

—Só preguntar que cargos ten a intención de resaltar?

—Que cargos, señor? Porque, por suposto, o intento de asasinado de Sherlock Holmes.

—Non é iso, Lestrade. Eu non pretendo aparecer no asunto en absoluto. En vostede, e só en vostede recae o mérito do extraordinario arresto que vostede efectuou. Si, Lestrade, doulle a en hora boa! Coa súa habitual feliz mestura de astucia e audacia conseguiu apresalo.

—Apresalo? A quen, señor Holmes?

—O home que as forzas estiveron a buscar en balde, o coronel Sebastian Moran, o que lle disparou ó honorable Ronald Adair cunha bala de expansión procedente dunha pistola de aire comprimido, a través da fiestra que estaba aberta na parte dianteira do segundo andar do N.º 427 de Park Lane, o día trinta do mes pasado. Eses son os cargos, Lestrade. E agora, Watson, se pode soportar a corrente de aire que vén dunha fiestra rota, penso que media hora no meu cuarto cun cigarro pode proporcionarlle un pouco de diversión á que lle sacar proveito.

As nosas vellas estancias non sufriran ningún cambio grazas á supervisión de Mycroft Holmes e a atención inmediata da señora Hudson. Así como entrei, vin, e é certo, unha pulcritude insólita, máis o resto estaba todo no seu sitio. Alí estaba o recuncho cos utensilios químicos, o sistema de oxidación e a mesa recuberta de madeira de pino. Enriba dun andel había unha fileira de álbums formidables e libros de referencia que moitos dos nosos concidadáns queimarían con gusto. Os diagramas, a caixa do violín e o soporte para pipas.

Incluso estaba a zapatilla persa que contiña tabaco dentro. Ía mirando todo mentres observaba ó meu redor. Había dous ocupantes no cuarto, un a señora Hudson, que irradiou felicidade tan pronto nos viu entrar e o outro era o boneco estraño que tivera un papel tan importante nas nosas aventuras nocturnas. Era un modelo do meu amigo feito de cera pintada, que estaba elaborado dun xeito admirable, era un facsímile perfecto. Estaba nunha mesa pedestal pequena vestido cunha vella bata de Holmes e cubrírano tan ben que a ilusión que creaba visto dende a rúa era perfecta.

—Espero que tomara tódalas precaucións, señora Hudson —dixo Holmes.

—Si, fíxeno de xeonllos, señor, tal como me dixo.

—Excelente. Fíxoo moi ben. Non vería por onde foi a bala, non?

—Si, señor. Sinto dicirlle que estragou o seu fermoso busto, xa que xusto atravesou a cabeza e logo esmagouse contra a parede. Collina da alfombra. Aquí a ten!

Holmes amosouma.

—É unha bala de expansión, como pode percibir, Watson. Isto é unha xenialidade, xa que quen podería esperar que algo como isto se dispararía dende unha pistola de aire comprimido? Ben, señora Hudson, estou moi agradecido pola súa axuda. E agora, Watson, séntese por favor de novo no seu sitio de sempre, pois hai uns cantos puntos que me gustaría tratar con vostede.

Holmes sacara a esfarrapada levita e agora volvía ser o mesmo de sempre, coa súa bata de cor marrón rato que tomou da súa efixie.

—O vello *shikary* non perdeu os nervios, nin os seus ollos a agudeza —dixo rindo, mentres inspeccionaba a testa rota do seu busto.

—Deu na parte de atrás da cabeza e atravesou o cerebro. Era o mellor tirador da India e creo que hai uns poucos aínda mellores en Londres. Ten escoitado o nome?

—A verdade é que non.

—Vaia, vaia, pois é moi famoso! Aínda que, se non recordo mal, tampouco escoitara o nome do profesor James Moriarty, que tiña un dos cerebros máis prodixiosos do século. Déame a miña lista de biografías que está no estante.

Pasou as páxinas de vagar, deitado na súa cadeira de brazos mentres facía grandes nubes de fume co seu puro.

—Teño unha boa colección da letra M —dixo—. O propio Moriarty xa abonda para ilustrar calquera letra, e aquí está Morgan, o envelenador; e Merridew, o da memoria abominable; e Mathews, que rompeu o meu canino esquerdo na sala de espera de Charing Cross, e finalmente, aquí está o noso amigo desta noite.

Deume o libro e lin:

MORAN, SEBASTIAN, coronel. Desempregado. Serviu no primeiro batallón dos Pioneiros de Banalore. Nado en Londres, 1840. Fillo de D. Augustus Moran, C. B., antigo embaixador británico de Persia. Estudou en Eton, Oxford. Participou na campaña Jowaki, na Afgá, nas batallas de Charasiab e Sherpur e serviu en Cabul. É o autor de *Xogo pesado no Himalaia Occidental* (1881) e de *Tres meses na selva* (1884). Enderezo: Conduit Street. Clubs: o Anglo-Indiano, o Tankerville, e o Bagatelle Card.

Na marxe Holmes escribira a man:

«O segundo home máis perigoso de Londres».

—Isto é increíble —dixen—. A traxectoria deste home é a dun soldado exemplar.

—É certo —respondeu Holmes—. Ata certo punto fixo as cousas ben. Sempre foi un home cos nervios de ferro, e na India aínda contan a historia de cando se arrastrou por unha gabia detrás dun tigre devorador de homes ferido. Hai algunhas árbores, Watson, que medran ata unha determinada altura e logo desenvolven de súpeto unha rareza fea. Isto ocórrelles con frecuencia ós humanos. Teño a teoría de que o desenvolvemento dun individuo representa a tódolos seus antecesores e que un cambio tan repentino do ben ó mal é símbolo dalgunha influencia poderosa procedente do seu pedigree. A persoa convértese, por así dicilo, no epítome da historia da súa propia familia.

—O certo é que é un pouco fantasiosa.

—Ben, non vou a insistir niso. Calquera que fose a causa, o coronel Moran comezou a ir mal. Sen que houbera ningún escándalo, na India facía demasiado calor para el. Entón, retirouse e volveu a Londres e, de novo, adquiriu mala sona. Foi nese momento cando o profesor Moriarty o buscou e o nomeou xefe de persoal. Moriarty fornecía con xenerosas cantidades de diñeiro, e só o usou para un ou dous traballos moi sofisticados, que ningún criminal ordinario podería realizar. Lembra algo da morte da señora Stewart, de Lauder, en 1887? Non? Ben, estou certo de que Moran estaba detrás diso, pero non había probas. O coronel estaba tan ben oculto que incluso cando se desfixo a banda de Moriarty non podiamos incriminalo. Recordas o día en que lle pedín que fôsemos ás súas dependencias e baixei as persianas por medo ás armas de aire comprimido? Seguro que pensou que estaba fantasiando, pero sabía perfectamente o que estaba a facer, xa que coñecía a existencia desa arma excepcional, e tamén sabía que pertencía a un dos mellores tiradores do mundo. Cando estabamos en Suíza seguíunos xunto con Moriarty e, sen dúbida, foi el o responsable daqueles insufribles cinco minutos no saínte de Reichenbach.

—Pensará vostede que lía o xornal con moita atención mentres estiven en Francia, na procura dalgunha oportunidade para encarceralo. Mentres el andase solto por Londres, realmente a miña vida non merecía a pena vivila. Esa sombra perseguírame día e noite, e máis tarde ou máis cedo chegaría a súa oportunidade. Que podía facer? Non podía dispararlle directamente se non quería estar eu no banco dos acusados. Non podía acudir a un maxistrado, xa que non podía intervir ante o que lles ía parecer unha sospeita fóra de lugar. Así que non podía facer nada. Porén, miraba as novas sobre crimes, sabendo que un día ou outro ía collelo. Despois foi a morte de Ronald Adair; chegara por fin a miña oportunidade. Sabendo todo o que sabía, acaso non era certo que o fixera o coronel Moran? Xogara as cartas co rapaz, seguírao ata a casa dende o club e disparáralle a través da fiestra que estaba aberta. Non había lugar a dúbidas, só as balas bastaban para poñerlle a soga polo pescozo; así que volví inmediateamente. Viume o sentinela, que eu sabía perfectamente que lle ía advertir ó coronel sobre a miña presenza. Tivo que relacionar seguro o meu repentino retorno co seu crime, polo que estaría moi alarmado. Estaba seguro de que ía intentar quitarme do medio de inmediato e que ía traer a súa arma asasina para tal propósito. Deixei o sinal perfecto na fiestra e, despois de avisar á policía de que igual era necesaria a súa intervención —que por certo, Watson, decatouse da súa presenza naquela porta cunha precisión infalible—, elixín o que me parecía o lugar acertado para observar, sen chegar a imaxinar que el ía escoller o mesmo sitio para o seu ataque. E agora, meu querido Watson, queda algo por explicar?

—Si —dixen—. Non deixou claro cal foi o motivo que levou ó Coronel Moran a asasinar o honorable Ronald Adair.

—Ai! Meu amigo, aquí xa entramos nos reinos da conxectura, onde incluso a mente máis lóxica pode fallar. Cada un pode formar a súa propia hipótese en función das probas existentes e a súa pode ser tan correcta como a miña.

—Vostede ten unha entón.

—Creo que non é difícil explicar os feitos. Sabíase que o coronel Moran e o mozo Adair gañaran entre eles unha boa suma de diñeiro. Agora, era obvio que Moran xogara sucio, algo do que xa hai tempo que son consciente. Eu creo que o día do asasinato Adair descubrira que Moran estaba a facer trampas. O máis probable é que el falara con el en privado e o ameazara con descubri-lo a non ser que renunciase á súa afiliación ó club e prometeu non xogar ás cartas de novo. Dubido que un rapaz como Adair fose xa sen máis a armar un escándalo terrible ó pór en evidencia a un home tan coñecido e moito máis maior ca el. O máis probable é que actuase como eu suxiro. A exclusión dos seus clubs ía supoñer a ruína para Moran, que vivía grazas ás ganancias ilícitas do xogo. Polo tanto, asasinou a Adair, que por aquel entón estaba tratando de descubrir canto diñeiro tiña que devolver, xa que non se podía beneficiar do xogo sucio do seu compañeiro. Fechou a porta por temor a que as mulleres o sorprendesen e lle insistisen para saber o que estaba a facer con aqueles nomes e moedas. Sería así?

—Non me cabe dúbida de que deu coa verdade.

—Iso verificábase ou desbotábase no xuízo. Mentres tanto, pase o que pase, o coronel Moran non nos molestará máis. A famosa arma de aire comprimido de Von Herder vai embelecer o museo da Scotland Yard e, unha vez máis, o señor Sherlock Holmes é libre para dedicar a súa vida a examinar eses pequenos e interesantes problemas que a complexa vida londiniense nos ofrece en abundancia.

A aventura do construtor de Norwood

—Dende o punto de vista dun experto en investigación criminal —dixo Sherlock Holmes—, Londres converteuse nunha cidade sen ningún interese dende a morte do defunto profesor Moriarty.

—Non creo que atopase moitos cidadáns decentes que estean de acordo con vostede — Respondín.

—Xa, xa, non debo ser egoísta —dixo—. A comunidade é a que gañou en verdade e ninguén perdeu, agás o pobre especialista sen traballo, cuxa ocupación desapareceu. Con aquel home no campo, calquera xornal contiña unha infinidade de posibilidades; ás veces era un mínimo detalle, Watson, unha lixeira indicación, pero era suficiente para dicirme que o grande e maléfico cerebro estaba aí, como o lixeiro tremor das beiras da tea que lle recorda a un que hai unha cruel araña agochada no centro. Pequenos furtos, asaltos sen sentido, atrocidades sen propósito; o que seguía a pista podía resolver todo a través do mesmo fío. As posibilidades que lle ofrecía Londres a un estudante de ciencias dedicado ó mundo criminalista non as posuía ningunha capital europea. Porén, agora... —e encolleu os ombros en son de desaprobación burlona sobre a situación que el mesmo fixera tanto por conseguir.

Estou falando dunha época na que Holmes estaba de volta por uns meses e, a petición súa vendedora, a miña consulta e volvía a compartir as vellas dependencias de Baker Street. Un doutor novo, chamado Verner, comprara a miña pequena consulta de Kensington, e, sorprendentemente, fíxoo poñéndolle poucas obxeccións ó prezo máis alto que eu me aventurei a propoñerlle; un incidente que se puido explicar anos despois cando descubrín que

Verner era un parente distante de Holmes e que fora o meu amigo o que realmente proporcionara os cartos.

Os meses en que estivemos xuntos non foron tan anódinos como el di, xa que vendo as miñas notas atopei que este período inclúe o caso dos documentos do ex-presidente Murillo e mailo escandaloso asunto do buque de vapor holandés Friesland, que case nos custa a vida ós dous. Non obstante, el era de natureza fría e orgullosa, sempre foi remiso ó recoñecemento en público e obrigábame estritamente a non dicir nada de el, nin dos seus métodos e logros; unha prohibición que, como xa expliquei, agora xa non existe.

Sherlock Holmes estaba recostado na súa cadeira de brazos, despois de facer a súa caprichosa protesta, e estaba despregando o xornal de vagar cando a nosa atención se viu interrompida polo tremendo soar da campá, seguido por un son oco, como se alguén estivera dando golpes na porta de fóra co puño. Así como se abriu escoitouse un atafego tumultuoso na entrada, logo escoitáronse pasos subindo pola escaleira e un instante despois, un mozo frenético, de mirada salvaxe, pálido, despeiteado e alterado entrou de xeito precipitado no cuarto. Mirou para cada un de nós e, vendo a nosa mirada interrogativa, decatouse de que precisaba desculparse por irromper dun xeito tan brusco.

—Descúlpeme, señor Holmes —berrou—. Non me culpe. Estou a piques de tolear. Señor Holmes son o infeliz John Hector McFarlane.

Presentouse como se co seu nome bastase para xustificar a súa visita e as súas maneiras, pero pola falta de resposta do meu compañeiro puideron ver que a el non lle dicía moito máis que a min.

—Tome un cigarro, señor McFarlane —dixo ofrecendo a súa caixa—. Estou seguro de que cos seus síntomas o meu amigo Watson lle prescribiría un sedante. O tempo non foi moi cálido estes últimos días. E agora, se está un pouco máis tranquilo, gustaríame que sentase nesa cadeira e nos contase amodo e con calma quen é e que é o que quere. Mencionou o seu nome como se eu tivese que recoñecelo, pero direille que á marxe de que é obvio que está solteiro, que é avogado, un masón e un asmático, non sei nada sobre vostede.

Como xa estaba familiarizado cos métodos do meu amigo non me resultou complicado seguir as súas deducións, xa que vendo o seu xeito desaliñado vestir, o feixe de documentos legais, o reloxo de peto e a respiración xa o imaxinei. Porén, o noso cliente miraba con asombro.

—Efectivamente, son todo iso, señor Holmes; e ademais son o home menos afortunado do momento en Londres. Polo que máis queira, non me abandone, señor Holmes! Se veñen a arrestarme antes de que acabe de contar a miña historia, faga que me dean tempo para que lle poida contar a verdade. Iría ó cárcere contento se soubese que fóra está vostede traballando para min.

—Arrestalo! —dixo Holmes— Isto é moito máis grati... máis interesante. E por que pensa que o van arrestar?

—Polo asasinato do señor Jonas Oldacre, de Lower Norwood.

O expresivo rostro do meu amigo amosaba unha compaixón que me temo, seguro, que se mesturaba con satisfacción.

—Meu Deus —dixo—. Xusto esta mañá estaba eu a dicirlle ó meu amigo, o doutor Watson, que os casos sensacionalistas desapareceran dos xornais.

O noso visitante estendeu a súa man trememente e colleu o *Daily Telegraph*, xornal que Holmes aínda tiña nos xeonllos.

—Se mirara, señor, podería ver a simple vista o motivo polo que acudín a vostedes esta mañá. Sinto como se o meu nome e a miña desgraza tiveran que estar en boca de todos —deulle a volta para ensinar a páxina central—. Aquí está e, co seu permiso, voulo ler. Escoite isto, señor Holmes. Os titulares son: «O misterioso caso de Lower Norwood. A desaparición do coñecido construtor. Sospeita de asasinato e incendio provocado. Unha pista sobre o criminal». Esa é a pista que están a seguir xa, señor Holmes, e sei que leva de xeito infalible ata min. Seguíronme dende a estación de London Bridge e estou seguro de que só están esperando a ter a orde para arrestarme. Voulle partir o corazón á miña nai! —retorceu as mans con agonía e apreensión, e cambaleou para diante e para atrás na súa cadeira.

Mirei interesado para ese home, acusado de ser o autor dun delito de violencia. Tiña o pelo áspero e era aposto, aínda que estaba bastante pálido, uns ollos azuis asustados, o rostro ben afeitado e unha boca débil e sensible. Debía andar polos vinte sete anos, pero a súa vestimenta e porte eran propios dun cabaleiro. Do peto da súa chaqueta fina de verán saía o feixe de papeis que poñían de manifesto a súa profesión.

—Temos que aproveitar o tempo que temos —dixo Holmes—. Watson, sería tan amable de coller o xornal e ler o parágrafo en cuestión?

Debaixo dos vigorosos titulares que o noso cliente citara, lin o suxerinte relato que dicía o seguinte:

«Xa ben entrada a noite pasada ou moi cedo esta mañá, ocorreu un incidente en Lower Norwood que apunta, segundo se teme, a un grave crime. O señor Jonas Oldacre era un coñecido habitante dese barrio residencial, onde levou a cabo o seu negocio de construtor durante moitos anos. O señor Oldacre é un home solteiro, de cincuenta e dous anos, e vive en Deep Dene House, ó final da rúa Sydenham. O home tiña a reputación de ser un home de hábitos excéntricos, calado e reservado. Durante uns anos estivo practicamente retirado do negocio, do que dixo que conseguira unha riqueza considerable. Porén, aínda tiña un pequeno almacén de madeira na parte atrás da casa e, onte á noite, arredor das doce, deuse a alarma de que un dos montóns estaba ardendo. Os camións de bombeiros chegaron enseguida ó lugar, pero a seca madeira ardía con moita furia e era imposible deter o incendio ata que o montón se consumise por completo. Neste punto, o incidente parecía un accidente común, pero as indicacións actuais parecen apuntar a un grave crime. Estaban sorprendidos de que o dono do establecemento non estivera no lugar do incendio e, despois de investigar, decatáronse de que desaparecera da casa. Examinaron o cuarto e determinaron que non durmira alí; a caixa forte estaba aberta, había unha cantidade de papeis importantes espallados polo cuarto e, por último, había sinais de forcexo homicida, xa que se atoparon lixeiros restos de sangue no cuarto e un bastón de carballo que tamén tiña sangue no mango. Sábese que o señor Jonas Oldacre recibira unha visita no seu cuarto tarde aquela noite e achouse que o bastón atopado pertence a esa persoa; un mozo avogado de Londres chamado John Hector McFarlane, socio minoritario de Graham e McFarlane, do 426 de Gresham Buildings, E.C. A policía cre que teñen probas que apuntan a un motivo moi convincente para o crime e non hai dúbida de que os acontecementos que seguen serán sensacionais».

«MÁIS TARDE.— Rumoréase que, ó peche desta edición, John Hector Mcfarlane foi de feito detido como culpable do asasinato do señor Jonas Oldacre. O que si é certo é que se emitiu unha orde de arresto. Houbo máis avances sinistros na investigación en Norwood. Agora desvelouse que, ademais dos sinais de forcexo no cuarto do desgraciado construtor, as fiestras do seu cuarto (situado na planta baixa) estaban abertas e había marcas que parecían apuntar a que se arrastrara un obxecto pesado ata o monte de madeira. Finalmente, afirmase que se atoparon restos carbonizados entre as cinzas de carbón do incendio. A teoría da policía é que se cometeu un crime do máis sensacional: mallaron na vítima ata matala no seu propio cuarto, roubaron os seus documentos e arrastraron o corpo sen vida ata o monte de madeira, que se incendiou logo para agochar así tódolos vestixios do crime. A dirección da investigación criminal está en mans do experto inspector Lestrade, da Scotland Yard, que está seguindo as pistas coa súa habitual enerxía e sagacidade».

Sherlock Holmes escoitou o extraordinario relato cos ollos pechados e coas puntas dos dedos xuntas.

—O certo é que o caso ten algúns puntos interesantes —dixo de forma lánquida, como é propio de el—. Pódolle preguntar, en primeiro lugar, señor Mcfarlane, como é que aínda está en liberdade se parece haber probas suficientes como para xustificar o seu arresto?

—Vivo en Torrington Logde, en Blackheath, cos meus pais, señor Holmes, pero onte á noite, como tiven que facer negocios co señor Jonas Oldacre, quedei nun hotel en Norwood e vin ó meu negocio dende alí. Non souben nada do asunto ata que subín ó tren, cando lin o que acaban de escoitar e xa me decatei de inmediato de que me atopaba en perigo; entón apurei para deixar o caso nas súas mans. Non me cabe dúbida de que me arrestarían ou na miña oficina da cidade ou na miña casa. Un home seguiume dende a estación de London Brigde e sen dúbida... Meu Deus! Que é iso?

Era o estridente son da campá, ó que lle seguiu logo o estrondo de pasos polas escaleiras. Un intre despois, o noso vello amigo Lestrade apareceu pola porta. Puiden albiscar por riba do seu ombro que fóra había un ou dous policías uniformados.

—O señor John Hector McFarlane? —dixo Lestrade.

O noso malpocado cliente levantouse con cara de espanto.

—Queda vostede arrestado polo homicidio premeditado do señor Jonas Oldacre, de Lower Norwood.

McFarlane volveuse cara nós con cara de desesperación e afundiuse na súa cadeira de novo como se o esmagaran.

—Agarde un momento Lestrade —dixo Holmes—. Media hora máis non supón nada para vostede e o cabaleiro estaba a piques de contarnos este asunto tan interesante, que nos poderá axudar a esclarecer todo.

—Penso que non será moi difícil esclarecelo —dixo Lestrade con severidade.

—Con todo, co seu permiso, estaría moi interesado en escoitar a súa versión.

—Ben, señor Holmes, resulta complicado negarlle algo cando vostede serviu de moito para o corpo algunha que outra vez no pasado e debémoslle unha en Scotland Yard —dixo Lestrade—. Así mesmo, debo permanecer co meu prisioneiro e estou na obriga de advertirille que calquera cousa que diga pode ser empregada na súa contra.

—E non pido nada máis —dixo o noso cliente—. O único que quero é que escoite e recoñeza a verdade absoluta.

Lestrade mirou para o seu reloxo.

—Doulle media hora —dixo.

—En primeiro lugar debo explicar —dixo McFarlane— que eu non sabía nada do señor Jonas Oldacre. O seu nome resultábame familiar, xa que hai uns anos meus pais tiñan relación con el, pero separáronse. Polo tanto, sorprendinme moito cando onte sobre as tres da tarde entrou na miña oficina. Porén, aínda me sorprendeu máis cando me contou o motivo da súa visita. Tiña nas súas mans varias follas dun caderno cheo de garabatos. Aquí as teñen —e deixounas sobre a mesa.

—«Velaquí o meu testamento», dixo Oldacre. «Quero que vostede, señor McFarlane, o redacte da forma legal axeitada. Sentarei aquí mentres o fai». Dispúxenme a copialo, e non poden imaxinar o meu asombro ó descubrir que, salvo algunha excepción, deixárame tódalas súas propiedades. O home era pequeno, estraño, semellaba un furón, as súas pestanas eran de cor branca, e cando mirei para el, tiña os seus penetrantes ollos grises cravados en min cunha expresión divertida. Apenas podía crer o que estaba a ler nos termos do testamento, pero el explicoume que era solteiro con case ningún parente vivo e que estaba seguro de que o seu diñeiro ía quedar en boas mans. Por suposto, eu só podía balbucir os meus agradecementos. O testamento completouse debidamente e firmouse co meu empregado diante como testemuño. O señor Jonas Oldacre dixo logo que había unha serie de documentos, tales como dereitos de superficie, escrituras, hipotecas, obrigas de pagamento e demais, que era necesario que vese e entendese. Dixo que non tería a conciencia tranquila ata que todo o asunto estivera resolto e suplicoume que fose á súa casa a Norwood aquela noite, que levase o testamento e que íamos arranxar uns asuntos.

—«Recorda, rapaz, nin unha soa palabra disto os seus pais ata que todo esta resolto. Manterémolo como unha pequena sorpresa para eles», insistiu moito neste punto e fíxome prometer fielmente. Xa pode imaxinar, señor Holmes, que eu non estaba como para negarlle nada que me pedise. Era o meu benfeitor e o único que desexaba era compracelo en tódolos sentidos. Polo tanto, mandei un telegrama a casa dicindo que tiña asuntos moi importantes entre mans e que era imposible saber o tarde que acabaría. O señor Oldacre díxerame que lle gustaría que cease con el ás nove, xa que probablemente non ía estar na casa antes desa hora, pero tiveron problemas para atopar a súa casa e eran case e media cando cheguei. El estaba...

—Agarda —dixo Holmes—. Quen abriu a porta?

—Unha muller de mediana idade, que supoño que era a súa serventa.

—E foi ela, supoño, a que mencionou o seu nome?

—Así é —dixo McFarlane.

—Continúe por favor.

McFarlane enxugou a súa fronte húmida e continuou co seu relato:

—A muller conducíame ata unha sala de estar onde estaba preparada una cea frugal. Logo, o señor Jonas Oldacre levoume o seu cuarto, onde había unha pesada caixa forte; abriuna e sacou unha morea de documentos que revisamos xuntos. Acabamos entre as once e as doce da noite e comentou que non debíamos molestar a serventa, polo que me mandou saír pola fiestra, que estivera aberta todo ese tempo.

—Estaba a persiana baixada? —preguntou Holmes.

—Non estou seguro, pero creo que só ata a metade. Si, recordo que a subira para abrir a fiestra. Non puideron atopar o meu bastón e dixo, «Non se preocupe, mociño, creo que o verei bastante a partir de agora, ou iso espero, polo que llo gardarei para que veña buscalo». Deixei-no alí, coa caixa forte aberta e os papeis ordenados en montonciños na mesa. Era tan tarde que non podía volver a Blackheath, polo tanto pasei a noite no Anerley Arms e non souben nada máis ata que lin o terrible acontecemento no xornal.

—Algo máis que queira preguntar, señor Holmes? —dixo Lestrade, cuxas cellas se levantaran un par de veces ó longo do increíble relato.

—Non ata que vaia a Balckheath.

—Quererá dicir Norwood —dixo Lestrade.

—Si claro, seguro que era iso o que quería dicir —dixo Holmes co seu enigmático sorriso. Lestrade xa sabía, de moitas máis veces do que a el lle gustaría recoñecer, que Holmes podía atravesar o que para el resultaba impenetrable. Vin como miraba con curiosidade para o meu compañeiro.

—Creo que me gustaría ter unhas palabriñas con vostede agora, señor Sherlock Holmes —dixo—. Ben, señor McFarlane, dous dos meus homes están na porta e hai unha carruaxe esperando.

O pobre mozo levantouse e, ollando para nós por última vez a modo de súplica, saíu do cuarto. Os policías levárono ata o taxi, pero Lestrade quedou.

Holmes collera as follas que constituían o borrador do testamento, e miraba para eles cun gran interese debuxado no seu rostro.

—Hai algúns puntos pouco claros nese documento, Lestrade, non cre? —dixo estendéndoo.

O policía mirounos confuso.

—Son quen de ler as primeiras liñas, estas do medio da segunda páxina e unha ou dúas do final. Esas están tan claras como se estivesen impresas —dixo—, pero o que está escrito no medio non se le ben, mesmo hai tres partes que non consigo entender en absoluto.

—Que pensa vostede ó respecto? —dixo Holmes.

—Que é o que VOSTEDE pensa ó respecto?

—Que se escribiu nun tren. As partes feitas con boa letra fixéronse nas estacións e a mala letra feita ós tropezoños e a letra ilexible fixéronse entremedias. Un experto científico enseguida lle diría que isto se elaborou nun tren de proximidades xa que, salvo nas inmediacións dunha gran cidade, non hai outro sitio onde haxa paradas tan seguidas. Supoñendo que botou todo o traxecto facendo o testamento, o tren era entón un expreso, e só parou unha vez entre Norwood e London Bridge.

Lestrade botou a rir.

—Supérame cando empeza a facer as súas teorías, señor Holmes —dixo este—, pero, que ten que ver isto co caso?

—Ben, corrobora a historia do rapaz en que Jonas Oldacre elaborou o testamento durante o seu traxecto de onte. É curioso que un home redacte un documento tan importante dun xeito tan casual, non si? Iso nos di que el pensou que non ía ter moita utilidade práctica. Se un home elaborou un testamento que non pretendía que fose eficaz ten sentido.

—Ben, pois elaborou ó mesmo tempo a súa sentenza de morte —dixo Lestrade.

—Vostede cre?

—É que vostede non?

—Ben, é posible, pero eu aínda non teño claro o caso.

—Que non o ten claro di? Vaia, se iso non lle parece claro, que é claro para vostede? Temos a un mozo que se acaba de decatar de que, se certa persoa maior morre, gañará unha fortuna. Que é o que fai entón? Non lle di nada a ninguén, pero inventa un pretexto para ir ver o seu cliente esa noite. Logo espera a que a única persoa que hai na casa marche para a cama e entón, unha vez sos no cuarto, mátao, queima o seu corpo co monte de madeira e marcha para un hotel da veciñanza. As manchas de sangue do cuarto e mais do bastón son pequenas; o máis probable é que pensase en cometer un asasinato sen sangue, polo que, se o corpo se consumía, non quedaría rastro ningún do xeito en que foi asasinado. Por algunha razón estes rastros apuntan a que foi el. Acaso non parece obvio?

—Paréceme, meu amigo, que é obvio de máis —dixo Holmes—. Ten moi boas calidades pero fáltalle imaxinación. Póñase un momento no lugar do mozo, escollería xusto a noite despois de que se redactase o testamento para cometer o crime? Non lle parecería arriscado que os dous incidentes se producisen tan preto un do outro? E de novo, escollería vostede a ocasión na que se sabe que está na casa, xa que foi unha serventa a que o recibiu? E, por último, esforzaríase tanto por ocultar o corpo e logo deixaría o seu propio bastón como sinal de que foi vostede o criminal? Ten que confesar, Lestrade, que é moi pouco probable que iso fose así.

—En canto ó bastón, señor Holmes, sabe tan ben coma min que moitas veces os criminais andan nerviosos e fan cousas que calquera en frío evitaría. Probablemente tivese medo de volver para o cuarto. Déame outra teoría que faga que encaixen os feitos.

—Podería darlle facilmente media ducia —dixo Holmes—. Velaí vai por exemplo unha moi posible e ata probable. Regálolla. O ancián amosa uns documentos que posúen un valor evidente. Un vagabundo que pasa por alí míraos a través da fiestra, dado que a persiana está medio baixada. O avogado sae. Entra o vagabundo! Este aproveita o bastón que atopou alí, mata a Oldacre e marcha despois de queimar o corpo.

—Por que ía o vagabundo queimar o corpo?

—Por iso mesmo, por que o ía facer McFarlane?

—Para ocultar probas.

—Posiblemente o vagabundo quixera ocultar que se cometeu un asasinato.

—E por que non levou nada o vagabundo?

—Porque había documentos que el non podía negociar.

Lestrade negou coa cabeza, pero parecía que desta volta o facía menos convencido.

—Ben, señor Sherlock Holmes, vaia na procura do seu vagabundo e, mentres o busca, quedaremos co seu home. O futuro xa dirá o correcto. Só teña en conta unha cousa, señor Holmes; ata onde nós sabemos, non se eliminou ningún dos documentos e o prisioneiro é o único home no mundo que non tería interese en eliminalos, xa que era o herdeiro legal e recorrería a eles en calquera caso.

O meu amigo parecía impresionado con esta observación.

—Non pretendo negar que as probas apuntan de moitos xeitos a favor da súa teoría —dixo—. Só quero salientar que hai outras teorías posibles. Tal e como di vostede, o futuro dirá. Que pase un bo día! Supoño que ó longo do día pasarei por Norwood para ver como van.

Cando o detective marchou, o meu amigo levantouse e fixo os preparativos para a xornada de traballo co entusiasmo de alguén a quen lle espera un traballo agradable.

—O meu primeiro movemento, Watson —dixo mentres se poñía a levita—, vai ser, como dixer, ir a Blackheath.

—E por que non Norwood?

—Porque neste caso temos un incidente que está moi preto do outro incidente. A policía está cometendo o erro de centrar a súa atención no segundo, que resulta ser o único que é realmente criminal. Porén, paréceme evidente que a maneira lóxica de aproximarse ó caso é comezar por tratar de botar luz sobre o primeiro incidente, que é o curioso testamento feito así de súpeto e cun herdeiro inesperado. Pode que teña algo que ver co que sucedeu despois. Non, meu amigo, creo que non pode axudarme. Non hai sinais de perigo, ou non andaría por aí sen vostede. Estou seguro de que, cando o vexa pola noite, poderei contarlle que fun quen de facer algo por ese pobre rapaz que veu buscando a miña protección.

Cando regresou o meu amigo xa era tarde e, polo seu rostro ansioso e abatido, decateime de que as expectativas coas que comezara non se cumpriran.

Estivo ausente tocando o violín durante unha hora, procurando calmarse un pouco. Finalmente, deixou o instrumento e procedeu a facer un relato detallado das súas desventuras.

—Vai todo mal, Watson. Todo o mal que podería ir. Finxín diante de Lestrade, xa que por dentro creo que por unha vez el está no certo e nos estamos equivocados. Os meus instintos van por un lado e os feitos son outros e eu moito me temo que os xurados británicos aínda non posúen ese punto de intelixencia, xa que lle darán preferencia as miñas teorías sobre os feitos de Lestrade.

—Foi a Blackeath?

—Si, Watson, fun, e enseguida me decatei de que o falecido Oldacre era un bo canalla. O pai marchara en busca do fillo e a nai estaba na casa. É unha muller pequena, doce, de ollos azuis e tremía de medo e de indignación. Estaba claro que non ía admitir nin sequera a posibilidade de que o seu fillo fose culpable. Porén, non se amosou sorprendida ou arrepenida pola sorte de Oldacre, senón que falou de el con tanta amargura que, sen darse conta, estaba reforzando a teoría dos policías sobre o seu fillo, xa que se este escoitara a súa nai falar do home deste xeito, non é de estrañar que o predispoñera ó odio e á violencia. «Asemellábase máis a un simio maligno e astuto cá un ser humano», dixo ela, «e sempre foi así, dende que era novo».

—Coñecíanse de aquelas? —dixen eu.

—Si, coñecía moi ben, de feito foi un dos meus pretendentes. Menos mal que tiveren sentido e me apartei de el para casarme cun home que, aínda que era máis pobre, era mellor. Estabamos prometidos, señor Holmes, cando escoitei a terrible historia de cómo deixou un gato solto nun aviario e tan horrorizada estaba que non me gustaría ter nada que ver con el.

Remexeu nunha mesa e pronto sacou unha foto dunha muller, desgraciadamente desfigurada e mutilada cun coitelo.

—Esta foto é miña —dixo—. Mandouma neste estado, xunto coa súa maldición, a mañá do día do meu casamento.

—Ben —dixen—, polo menos xa a perdoou, dado que lle deixou todos os seus bens ó teu fillo.

—Nin o meu fillo nin eu queremos nada de Jonas Oldacre, vivo ou morto! —berrou con ganas—. Hai un Deus no ceo, señor Holmes, e ese mesmo Deus que castigou a ese malvado amosará no seu debido tempo que as mans do meu fillo non están manchadas co seu sangue.

—Intentei facer un par de conexións, pero non puider chegar a nada que corroborase as nosas hipóteses, incluso algúns puntos irían en contra. Ó final deime por vencido e marchei a Norwood.

—Este lugar, Deep Dene House, é unha casa de campo moderna e grande feita de ladrillo. Está situada na parte de atrás do seu territorio e ten un céspede cheo de loureiros en fronte. O almacén de madeira onde se producira o incendio estaba na parte dereita e a certa distancia da estrada. Velaquí ten un plano que debuxei nunha folla do meu caderno. Esta fiestra da esquerda é a que vai dar ó cuarto de Oldacre e, como poderá observar, pódese ver a través dela dende a estrada. Isto é o pouco consolo que atopei en todo o día. Lestrade non estaba alí, pero o seu superior fixo os honores; acababan de atopar un gran tesouro. Pasaran a mañá limpando entre as cinzas do monte de madeira queimado e, ademais de restos orgánicos carbonizados, atoparan varios discos de metal descoloridos. Examineinos con tino e non había dúbida de que eran botóns de pantalón. Incluso distinguín que un deles levaba o nome de «Hyams», o xastre de Oldacre. Logo, examinei o céspede minuciosamente na procura de sinais ou rastros, pero esta seca fixo que estea todo máis duro có ferro. O único que se vía era que un corpo ou un vulto se arrastrara por unha sebe viva de pouca altura que está en liña co monte de madeira. Todo iso, por suposto, encaixa coa teoría oficial. Camiñei polo céspede baixo o sol de agosto dándome nas costas, pero levanteime ó cabo dunha hora sen ser máis sabio ca antes.

—Ben, despois deste fracaso, entrei no cuarto e tamén o examinei. Os restos de sangue eran moi frouxos, simples manchas e descoloracións, pero non había dúbida de que eran recentes. O bastón xa non estaba, pero os restos que había nel tamén eran pequenos. O bastón pertencía indubidablemente ó noso cliente e el mesmo o admite. Podíanse observar pegadas dos dous homes na alfombra, pero nin rastro dun terceiro, o que lles dá baza de novo ós outros, que foron gañando puntos mentres nós estabamos en punto morto.

—O único pequeno raio de esperanza que vin acabou en nada. Explorei os contidos da caixa forte, dos que moitos se sacaran e se deixaran na mesa.

Os documentos metéranse en sobre selados e a policía abriu un par deles. Polo que eu puider valorar, non eran de gran valor e a cartilla de aforros mostraba que o señor Oldacre non dispoñía de tantas riquezas. Porén, dábame a impresión de que faltaban documentos, xa que se mencionaban algunhas escrituras que non puider atopar, que probablemente serían as máis valiosas. Isto por suposto, se finalmente logramos probalo, poría os argumentos de Lestrade na súa contra, pois quen ía roubar algo que sabía que ía herdar pronto?

—Finalmente, despois de revolver todo e non atopar máis rastros, probei sorte coa serventa. A señora Lexington, que así é como se chama, é unha muller baixiña, sombría, calada e miraba de esguello con desconfianza. Diríanos algo se quixese, estou seguro, pero era moi reservada. Efectivamente, abríralle ela a porta a McFarlane ás nove e media. Agora desexa que oxalá lle tivera murchado a man antes de facelo. Ela marchou para a cama ás dez e media. A súa habitación estaba na outra punta da casa e non puido escoitar nada do que aconteceu. O señor McFarlane esquecera o seu sombreiro no recibidor e, segundo tiña entendido, o bastón. Ela espertou pola alarma de incendio. O seu pobre e benquerido xefe fora asasinado. Tiña inimigos? Ben, todo o mundo ten inimigos, pero o señor Oldacre era unha persoa moi encerrada en si mesma e só se relacionaba con outra xente por traballo. Ela vira os botóns e estaba segura de que pertencían á roupa que levaba onte á noite. O monte de madeira estaba moi seco, pois había un mes que non chovía, polo tanto ardeu como a isca, e no momento en

que chegou ó lugar non se vían máis que chamas. Ela e mailos bombeiros notaron o cheiro a carne queimada que proviña de entre a madeira. Non sabía nada dos documentos nin dos asuntos privados do señor Oldacre.

—Así que, querido Watson, este é o meu informe sobre o fracaso. E aínda así... aínda así —apertou as súas mans delgadas con extrema convicción—. SEI que está todo mal, síntoo por dentro, hai algo que non saíu á luz e aquela serventa sábeo; había unha especie de desafío e mal humor nos seus ollos, algo que só pode ser mostra de coñecemento culpable. Porén, non merece a pena seguir falando disto, Watson, e a menos que nos xorda unha boa oportunidade, moito me temo que o caso da desaparición de Norwood non figurará nesa crónica dos nosos logros que prevexo que, tarde ou cedo, ese público tan paciente terá que soportar.

—Xa —dixen—. A aparición do home chegaría moi lonxe con calquera xurado?

—Iso, meu querido Watson, é unha argumentación perigosa. Acórdase daquel terrible asasino, Bert Stevens, que quería que o liberásemos no ano 87? Acaso houbo algunha vez un mozo máis educado e dominical?

—É certo.

—A menos que consigamos unha teoría alternativa, este home está perdido. É difícil atopar un fallo no caso que se vai presentar na súa contra, e os avances nas investigacións só serviron para reforzalo máis. Por certo, hai un pequeno detalle moi curioso sobre eses documentos que nos podería servir como punto de partida para indagar. Vendo a cartilla de aforros atopei que o feito de que o saldo fose tan baixo debía principalmente ós grandes cheques que se fixeron a nome do señor Cornelius durante o ano pasado. Debo admitir que debería estar interesado en saber quen é ese tal Cornelius ó que un construtor xubilado lle fai semellantes transferencias. Terá algo que ver co asunto? Se cadra Cornelius é un corredor, pero non atopamos ningún certificado que se corresponda con eses enormes pagamentos. A falta doutra indicación, as miñas indagacións terán que consistir agora en preguntar no banco polo cabaleiro que cobrou eses cheques. Pero moito me temo, amigo meu, que o noso caso vai rematar, por desgraza, con Lestrade colgando o noso cliente, o que será seguro un triunfo para a Scotland Yard.

Non sei canto durmiu Sherlock Holmes esa noite, pero cando baixei para almorzar estaba pálido e estresado e os seus ollos eran o máis brillante que tiña en comparación coas sombras negras que os rodeaban. A alfombra que rodeaba a súa cadeira estaba chea de cabichas e das primeiras edicións dos periódicos daquel día. Había un telegrama aberto enriba da mesa.

—Que pensa disto, Watson? —preguntou, lanzándoo cara o outro lado.

Proviña de Norwood e dicía o seguinte:

«Temos novas probas. McFarlane é en definitiva culpable. Recomendolle que abandone o caso.

LESTRADE.»

—Parece serio —dixen.

—É o seu pequeno grito de vitoria —respondeu Holmes amosando un sorriso de amargura—. E, con todo, abandonar o caso pode ser precipitado. Despois de todo, as probas novas son un elemento de dobre fío, que é probable que vaia nunha dirección distinta da que pensa Lestrade. Almorce, Watson, que imos saír os dous a ver o que podemos facer. Creo que hoxe preciso da súa compañía e apoio moral.

O meu amigo non almorzou, xa que unha das súas peculiaridades era que nos seus momentos máis tensos non se podía permitir comer, e xa o teño visto presumir da súa constitución de ferro e logo esvaecerse por pura inanición.

—Polo momento, non me sobra nin enerxía nin forzas para facer a dixestión —dixo en resposta ás miñas protestas como médico.

Polo tanto, non me sorprende cando esta mañá marchou comigo a Norwood sen probar bocado. Ó chegar, había unha multitude de turistas morbosos ó redor de Deep Dene House, que era xusto unha casa de campo, tal e como eu imaxinara.

Ó entrar, atopámonos con Lestrade, que viña con expresión de vitoria, amosando o seu gran triunfo.

—Ben, señor Holmes, aínda non puido demostrar que estabamos equivocados? Atopou ó seu vagabundo? —berrou.

—Aínda non saquei ningunha conclusión —respondeu o meu compañeiro.

—Pero nós sacamos a nosa onte e agora demostrouse que é certa, así que ten que recoñecer que desta vez fomos un pouco máis rápidos ca vostede, señor Holmes.

—Ten o aspecto de que algo raro acaba de ocorrer—dixo holmes.

Lestrade botou a rir.

—A idea da derrota gústalle tan pouco como a nós —dixo—. Un home non pode esperar que todo saia sempre como el quere, non si doutor Watson? Vinde por aquí por favor e penso que vos podo convencer dunha vez por todas de que John McFarlane foi o autor do crime.

Levounos polo corredor ata un escuro vestíbulo que había máis alá.

—Este debeu ser o lugar ó que veu Mcfarlane para recoller o seu sombreiro despois de cometer o crime —dixo—. Agora miren isto.

Acendeu un fósforo con dramática rapidez e a luz amosou unha mancha de sangue na parede encalada. A medida que acercaba o fósforo vin que era máis ca unha mancha. Era unha clara impresión dun polgar.

—Obsérvea coa súa lupa —señor Holmes.

—Xa, iso fago.

—Saberá vostede que cada polgar deixa unha pegada distinta.

—Algo teño escoitado si.

—Pois entón compare esa impresión coa impresión de cera que mandei facer esta mañá do polgar dereito de McFarlane.

Cando acercou a impresión de cera á mancha de sangue observei que, sen dúbida, as dúas pertencían ó mesmo polgar, non facía falla unha lupa para comprobalo. Estaba claro que o meu cliente non tiña nada que facer.

—Isto é definitivo —dixo Lestrade.

—Si, é definitivo —dixo Holmes.

Algo no seu ton de voz me chamou a atención e vireime para velo. Producírase un cambio extraordinario no seu rostro. Estábase retorcendo de alegría por dentro e os seus ollos brillaban como estrelas. Pareceume que estaba facendo grandes esforzos para conter un ataque de risa.

—Vaites! Vaites! —dixo por fin—. Quen o imaxinaría? E, certamente, canto enganan as aparencias! Un mozo tan apostado! É unha lección para non confiar no noso propio xuízo, non é, Lestrade?

—Si, algúns de nós tendemos un pouco máis a ser fachendosos, señor Holmes —dixo Lestrade—. A insolencia do home era exasperante, pero non nos podíamos resentir.

—Vaia casualidade que o mozo pousara o polgar dereito na parede cando collía o sombreiro do colgadoiro! Se o pensa tamén é unha acción moi natural —Holmes parecía tranquilo, pero polo movemento do seu corpo ó falar, estaba reprimindo a emoción.

—Por certo, Lestrade, quen fixo este extraordinario descubrimento?

—Foi a serventa, a señora Lexington, a que llo sinalou ó axente da quenda nocturna.

—E onde estaba ese axente?

—Estivo facendo garda no cuarto onde se cometeu o crime, para vixiar que non se tocase nada.

—Pero por que a policía non viu esta pegada onte?

—Ben, non tiñamos ningunha razón en particular para examinar minuciosamente o vestíbulo. Ademais, non é un lugar moi concorrido como pode ver.

—Non, abofé que non. Supoño que non hai dúbida de que esa pegada estaba alí onte non?

Lestrade mirou a Holmes como se pensase que estaba a tolear. Confeso que eu mesmo estaba sorprendido pola súa forma de actuar, que parecía que se estaba a divertir, e pola súa mirada salvaxe.

—Non sei se pensa que McFarlane saíu da prisión ó caer a noite para reforzar as probas contra si mesmo —dixo Lestrade—. Que calquera experto do mundo me diga se esta non é a pegada do seu polgar.

—Esta é sen dúbida a pegada do seu polgar.

—Pois aí o ten, suficiente —dixo Lestrade—. Son un home práctico, señor Holmes, e cando teño probas saco as miñas conclusións. Se ten algo que dicir, atopame escribindo o meu informe na sala de estar.

Holmes recuperara a súa serenidade, aínda que me parecía detectar emoción na súa expresión.

—Vaia, esta é unha triste noticia, Watson, non cre? —dixo—. Porén, aínda hai algúns puntos no asunto que albergan algunha esperanza para o noso cliente.

—Agrádame escoitar iso —dixen con sinceridade—. Temía que todo fose cousa súa.

—Eu non iría tan lonxe, meu querido Watson. O feito é que hai un erro grave nestas probas ó que o noso compañeiro lle da tanta importancia.

—En serio, Holmes! Cal?

—Simplesmente que eu SEI que esa pegada non estaba aí cando eu examinei onte o vestíbulo, e agora Watson, imos dar un pequeno paseo baixo o sol.

Confuso, pero sentindo que a esperanza volvía o meu corazón, acompañei o meu compañeiro a dar un paseo polo xardín. Holmes, mentres, examinou con interese tódalas partes da casa. Logo quixo entrar e andou polo edificio enteiro, dende o soto ata o faiado. A maioría dos cuartos estaban sen amoblar, non obstante Holmes inspeccionounos todos minuciosamente. Finalmente, no corredor de arriba, o que estaba fóra dos tres cuartos desocupados, amosou de novo unha expresión de alegría.

—Este caso posúe realmente algunhas características únicas, Watson —dixo—. Penso que é momento de que traíamos a Lestrade. Xa se riu á nosa conta, e quizais poidamos facer o mesmo se o que eu intúo sobre este problema é correcto. Si, si, creo que sei como debemos abordalo.

O inspector da Scotland Yard aínda estaba escribindo na sala cando Holmes o interrompeu.

—Entendín que estaba a escribir un informe do caso —dixo.

—Efectivamente.

—Non pensa que é un pouco prematuro? Non podo deixar de pensar que as probas están incompletas.

Lestrade coñecía demasiado ben o meu amigo como para ignorar as súas palabras. Deixou a pluma e mirouno con curiosidade.

—Que quere dicir, señor Holmes?

—Só que hai unha testemuña importante que non visitou.

—Pode ensinarmos?

—Penso que si.

—Fágao entón.

—Farei canto sexa posible. Cantos axentes ten?

—Hai tres de servizo.

—Excelente! —dixo Homes—. Se non é moito preguntar, son todos grandes, sans e con voces fortes?

—Sen dúbida algunha, pero non sei que teñen que ver as súas voces con isto.

—Se cadra lle podo ensinar iso e un par de cousas máis tamén —dixo Holmes—. Chame os seus homes por favor e intentareino.

Cinco minutos despois, había tres policíaos reunidos no salón.

—Na dependencia externa van atopar unha cantidade considerable de palla —dixo Holmes—. Tráíanme dous fardos. Penso que serán de gran axuda para traer a testemuña que necesito. Moitas grazas. Imaxino que ten mistos no peto Watson. Agora, Lestrade, pedireilles que me acompañen ó relanzo superior.

Como dixen, alí había un corredor amplo, fóra das tres habitacións baleiras. Estabamos todos en fila por orde de Sherlock nun extremo do corredor; os policíaos sorrindo e Lestrade fitando para o meu amigo con asombro, expectación e mofa reflectida nos seus trazos. Holmes estaba ante nós coma se fose un mago que vai realizar un truco.

—Sería tan amable de enviar un dos seus homes a por dous baldes de auga? Poñan a palla aquí no chan, separada da parede. Penso que xa estamos todos preparados.

A cara de Lestrade, enfadado, comezaba a se poñer vermella.

—Está a xogar con nós señor Sherlock Holmes? —dixo—. Se é que sabe algo de verdade pode dicilo sen necesidade de tanta estupidez.

—Asegúrolle, meu bo Lestrade, que teño unha razón excelente para todo o que estou a facer. Se cadra recorda que chanceou un pouco comigo hai unhas horas, cando o sol parecía estar do seu lado, así que non me garde rancor por un pouco de brillo e gloria.

—Watson, pode abrir esa fiestra e prender un misto nun extremo da palla?

Fíxeno e formouse un fume negro polo corredor, mentres a palla seca estalaba e se queimaba.

—Agora veremos se podemos atoparlle unha testemuña, Lestrade. Poden berrar todos comigo «Lume»!? Agora: un, dous tres.

—Lume! —berraron todos.

—Moitas grazas. Pediríllelo unha vez máis.

—Lume!

—Só unha última vez, cabaleiros, todos xuntos.

—Lume! —o noso berro debeu escoitarse por todo Norwood.

O lume case se extinguira cando ocorreu algo increíble. De pronto abriuse unha porta ó final do corredor que parecía ser unha parede sólida, e un pequeno señor maior saíu por ela, coma un coello saíndo do seu tobo.

—Excelente! —dixo Holmes con calma—. Watson, bota un caldeiro de auga por riba da palla. Con iso bastará! Lestrade, permítame presentarlle a súa principal e ausente testemuña, o señor Jonas Oldacre.

O detective mirou para o aparecido con asombro, quedou a cadros. Este último pestanexaba pola luz tan clara do corredor, e miraba para nós e para o lume ardente. Tiña un aspecto detestable, parecía astuto, cruel, maligno; de mirada fuxidía, ollos de cor gris clara e pestanas brancas.

—Que significa isto? —dixo finalmente Lestrade—. Que estivo a facer todo este tempo, eh?

Oldacre riu incómodo, retrocedendo ante a cara do detective, vermella pola furia.

—Non fixen ningún dano.

—Ningún dano? Fixo todo cando puido para que aforcasen un home inocente. Se non fose por este señor de aquí, dubido moito que non o conseguise.

A miserable criatura comezou a choromicar.

—Estou seguro, señor, só foi un xogo.

—Ah! Con que unha broma non? Pois xa verá como non lle ha facer graza ningunha, asegúrolo. Levádeo para abaixo e que estea na sala de estar ata que eu chegue. Señor Holmes —continuou cando marcharon—. Non podía falar diante dos axentes, pero non me importa dicir diante do doutor Watson que esta é a cousa máis brillante que fixo nunca, aínda que é un misterio para min como o fixo. Salvou a vida dun home inocente, e evitou un grande escándalo, que tería arruinado a miña reputación no corpo de policía.

Holmes sorriu e deulle unha palmada no ombro a Lestrade.

—No canto de ser arruinada, señor, verá como a súa reputación mellorou considerablemente. Faga simplemente algunhas modificacións nese informe que estaba redactando e entenderán o difícil que é enganar o inspector Lestrade.

—E non quere que apareza o seu nome?

—De ningún xeito. O traballo é a súa propia recompensa. Quizais se recoñezan os meus méritos algún día dentro de moito tempo, cando lle deixe o meu historiador entusiasta sacar os seus folios de novo. Verdade Watson? E agora vexamos onde estivo agochada esa rata.

Fixérase un tabique de adobe a través do corredor, a dous metros do final, cunha porta dentro escondida con enxeño. Estaba iluminada grazas ós cortes no aleiro do tellado. Había algúns mobles e reservas de comida e auga, xunto cunha serie de libros e documentos.

—Esta é a vantaxe de ser construtor —dixo Holmes ó saír de alí—. Foi quen de amañar o seu propio agocho sen precisar dun cómplice, salvo a querida serventa, claro, a quen eu non tardaría en engadir ó seu saco Lestrade.

—Seguirei o seu consello, pero como soubo deste lugar, señor Holmes?

—Fixen a idea de que o home se agochaba na casa. Cando andaba por un corredor e me decatei de que era dous metros máis curto có que estaba debaixo, quedou claro onde estaba. Pensei que non tería a coraxe suficiente como para quedarse alí ante unha alarma de incendio. Claro que puidemos ir e collelo directamente, pero parecía divertido ver como se

descubría a si mesmo. Ademais, debíalle un pouco de perplexidade, Lestrade, por mofarse de min esta mañá.

—Ben señor, devolveuma seguro, pero como raio sabía que estaba na casa?

—A pegada do polgar, Lestrade. Vostede dixo que era definitivo, e érao, só que dun xeito ben distinto. Eu sabía que iso non estaba aí o día anterior, xa que lle prestei moita atención o máis mínimo detalle, como puido observar, e examinara o vestíbulo, polo que estaba seguro de que a parede estaba limpa.

—Pero como?

—Moi sinxelo. Cando se selaron eses paquetes, Jonas Oldacre usou a McFarlane para asegurar o selo e puxo o seu polgar sobre a cera branda. Faríase dun xeito tan natural e rápido que me atrevería a dicir que o mozo nin se lembra. O máis probable é que cando aconteceu, nin o propio Oldacre foi consciente do uso que lle ía dar. Dándolle voltas ó caso na súa gorida, ocrreúselles de súpeto que probas concluíntes podía empregar en contra de Mcfarlane se usaba aquela pegada do polgar. Resultoulle do máis doado extraer unha impresión de cera do selo, humedecela o máximo que puido en sangue a partir dunha picada de agulla e poñer a pegada na parede durante a noite, ben coa súa propia man ou ben coa da serventa. Se examina entre os documentos que levou para o seu refuxio, apóstolle que atopa o selo coa pegada do polgar.

—Marabilloso! —dixo Lestrade—. Marabilloso! Tal e como vostede o expresou, está todo máis claro cá auga. Porén, cal foi o motivo de semellante engano, señor Holmes?

Era divertido ver como a arrogancia do detective mudara de pronto á actitude dun neno facéndolle preguntas o seu profesor.

—Ben, iso non é moi difícil de explicar. O home que nos está a esperar abaixo é unha persoa moi maliciosa e vingativa. Sabe que a nai de Mcfarlane o rexeitou no seu día? Non o sabe! Díxennlle que tiña que ir a Blackheath e logo a Norwood. Pois esa ferida, como el o consideraba, doíalle no seu malévolo e tortuoso cerebro e ansiou a vinganza durante toda a súa vida, pero nunca tivo a súa oportunidade.

Durante un ou os dous últimos anos, as cousas volvéronse na súa contra, especulación secreta supoño, e mirou que ía por mal camiño. Entón decidiu enganar os seus acredores e pagoulle grandes sumas de diñeiro mediante cheques a un tal señor Cornelius, que imaxino que é o propio Oldacre con outro nome.

Aínda non seguín o rastro dos cheques, pero non teño dúbida de que se depositaron baixo ese nome nalgunha cidade da provincia onde, de cando en vez, Oldacre levaba unha existencia dobre. Pretendía cambiar o seu nome por completo, sacar o diñeiro e desaparecer para empezar unha nova vida en calquera outra parte.

—Penso que é suficiente.

—Así, se conseguía dar a impresión de que fora asasinado polo seu propio fillo, conseguiría ó mesmo tempo esnaquizar a súa antiga moza e tería a súa vinganza. Era unha obra mestra de vilanía e levouna a cabo coma un mestre. A idea do testamento, que daría un motivo evidente para o asasinato; a visita secreta que os seus propios pais descoñecían, a retención do bastón, o sangue, os restos de animal e os botóns no monte de madeira; todo era admirable. Parecíame unha rede da que, hai unhas horas, era imposible escapar. Porén, non posuía ese don supremo do artista, saber cando parar. Quixo mellorar o que xa era perfecto, axustar máis a soga ó redor do pescozo da súa desafortunada vítima, e aí arruinouno todo. Vaíamos para abaixo, Lestrade, que me gustaría facerlle un par de preguntas a el.

A malvada criatura estaba sentada na súa propia sala, cun policía a cada lado.

—Era unha broma, señor, unha broma pesada, nada máis —lamentou sen cesar—. Asegúrolle, señor, que só me ocultei para ver o efecto da miña desaparición, e estou seguro de que non será tan inxusto como para imaxinar que permitiría que se lle fixese algún dano ó pobre do señor Mcfarlane.

—Iso decidirao o xurado —dixo Lestrade—. En calquera caso, se non é por intento de asasinato, imos arrestalo acusándoo de conspiración.

—E probablemente descubrirá que os seus acredores van confiscar a conta bancaria do señor Cornelius —dixo Holmes.

O pequeno home sobresaltouse e cravou os seus ollos malignos no meu amigo.

—Teño moito que agradecerlle —dixo—. Se cadra pagarei a miña débeda algún día.

Holmes sorriu con indulxencia.

—Imaxino que, dentro duns anos, estará vostede moi ocupado —dixo—. Por certo, que é o que puxo no monte de madeira ademais dos pantalóns vellos? Un can morto, coellos, ou que? Non mo vai dicir? Vaia por Deus, que crueldade a súa! Ben, eu atreveríame a dicir que os responsables do sangue e das cinzas dos restos carbonizados foron un par de coellos. Se algunha vez escribe un informe, Watson, poña que foron coellos.